

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xunto co coidado e mantemento dos parques públicos, outra das prioridades para a Administración pública debe ser a supervisión das medidas de seguridade para as persoas usuarias, unha seguridade que, ademais, de afectarlle aos elementos e mobiliario das instalacións, debe estenderse ao contorno destas áreas, en especial, cando nesas áreas se inclúen zonas de xogo e son frecuentadas por nenos e nenas.

Os veciños da Urbanización de Brandía están a reclamar que se coloquen sinais indicativos xunto ao parque infantil situado no Paseo da Quinta, concretamente solicitan que sitúe un sinal de velocidade limitada a 20 km/h e que, ademais, se poña un sinal de zona de recreo infantil ou similar, que informe da presenza dunha zona de xogo.

Na actualidade, únicamente existe un sinal de limitación de 20 km/h á entrada da urbanización, pero á altura do parque infantil non hai nada que advirta da súa existencia e da conveniencia de manter unha velocidade reducida. Segundo a información da veciñanza, antes existía un sinal específico que ten desaparecido.

A teor da demanda formulada por persoas residentes na zona, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:

***Que o Goberno local dea as instrucións precisas para instalar na urbanización de Brandía, concretamente no Paseo da Quinta, a sinalización que advirta da existencia do parque infantil e da necesaria limitación de velocidade nas súas proximidades,***

Santiago de Compostela, a 14 de xullo de 2016.



María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela